

# PROXECTO LECTOR DO IES ESPIÑEIRA

- Informado positivamente polo claustro o 29 de abril de 2019.
- Valorado positivamente polo consello escolar o 26 de xuño de 2019.
- Aprobado por dirección o 27 de xuño de 2019.

## **1. Análise da situación da lectura e da escritura do centro**

- 1.1. Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.
- 1.2. Identificación de logros e dificultades.
- 1.3. Análise das metodoloxías empregadas.
- 1.4. Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.
- 1.5. Necesidade de formación do profesorado neste ámbito.

## **2. Obxectivos, fundamentos e organización:**

- 2.1. Obxectivos
- 2.2. Metodoloxías
  - 2.2.1. Para desenvolver a competencia lectora e escritora.
  - 2.2.2. Para fomentar o hábito da lectura.
  - 2.2.3. Para favorecer a competencia informacional e a integración das TIC.
- 2.3. Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.
- 2.4. A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social.  
Recursos culturais do entorno (bibliotecas e outros)
- 2.5. Coordinación do proxecto. Modo de organización.
- 2.6. Modo de difusión e apoios necesarios.

## **3. Intervencións que cómpre sistematizar:**

- 3.1. Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.
- 3.2. Fomento dos hábitos de lectura en todas as áreas.
- 3.3. Actividades de educación documental (educación en información) e integración das TIC.
- 3.4. Implicación das familias e do entorno.

## **4. Criterios e procedementos de avaliación**

## 1. Análise da situación da lectura e da escritura do centro

As prácticas lectoras e escritoras do alumnado foron obxecto de observación e análise polos distintos departamentos. Ademais, analizáronse os resultados dunha enquisa sobre hábitos de lectura realizada polo alumnado da ESO e do Bacharelato no primeiro trimestre do curso 2018-19. A partir destes datos, a situación da lectura e da escritura do noso centro queda recollida nos puntos seguintes:

### 1.1 Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.

Prácticas lectoras:

- O alumnado ten pouco hábito de lectura, le os libros de lectura obrigatoria de cada departamento e se le por gusto, prefire as novelas, os contos e os cómics.
- Incluso cos libros de lectura obrigatoria o alumnado busca “atallos” para tratar de non lelos: resumos en Internet, exposicións orais dos seus propios compañeiros, ....
- O hábito lector redúcese a medida que van avanzando na ESO: o alumnado de 1º de ESO le máis ca o de 4º ESO. Só fai un esforzo extra de lectura cando se incentiva coa nota. (ver primeiro cadro da enquisa, sumando o alumnado ao que lle gusta ler bastante, moito e moitísimo: 1º ESO: 50%, 2º ESO: 50%, 3º ESO: 47.04%, 4º ESO: 46.85%)
- Desde o curso 2015-2016, como actividade de desenvolvemento de hábitos lectores, desde a Biblioteca Escolar contamos cun club de lectura que está integrado por parte dos alumnado de 1º de ESO e de 2º de ESO. Lense libros que non forman parte de ningún currículo, de forma libre. Prodúcese intercambios de ideas sobre temas a tratar, procúrase variar os xéneros e documentos tratados tendo en conta os intereses do alumnado participante. Deste xeito, os membros do club de lectura leron, analizaron e aportaron ideas sobre banda deseñada, microrrelatos, contos e relatos curtos, novelas, artigos de prensa, poesía... (Algúns departamentos premian o alumnado que participa no club de lectura).
- Desde a creación dun equipo de biblioteca no ano 2006-2007, a Biblioteca Escolar leva a cabo unha actividade de fomento da lectura que se desenvolve ao longo do curso: “O libro do mes”. Elíxese un libro correspondente a cada unha das franxas de idade (12-14 anos e 14 anos e en diante). Elabóranse carteis cunha pequena recensión que se reparten polo Centro. Escóllense dous libros en galego ou en castelán dependendo do mes (procúranse alternar). O equipo da biblioteca prepara unhas preguntas que o lector debe responder e posteriormente depositar nunha caixa de correos. Estas respostas entran nun sorteo e o alumno elixido gaña un vale a trocar nunha librería de Boiro ou na cafetería do noso centro escolar. (Algúns departamentos premian o alumnado que participa no libro do mes).

Prácticas escritoras:

- Os alumnos consideran que as únicas áreas nas que é preciso redactar e escribir correctamente son aquelas relacionadas co ámbito lingüístico mentres que no resto, cren que o único importante é o contido.
- Saben manexar o ordenador no ámbito lúdico pero cando se trata de utilizar programas de tratamento de textos e imaxes presentan moitas carencias.
- Ademais das prácticas de escritura que habitualmente se realizan nas aulas (tanto en soporte impreso como dixital) ao longo do ano escolar convócanse varios concursos de redacción. Constatamos que a participación é escasa se non se lles anima desde as aulas con algún tipo de incentivo. (especialmente a nota).

- Xeralmente os alumnos non escriben por gusto no plano académico. Prefiren o soporte informático que utilizan maioritariamente no ámbito das súas relacións sociais: chats, Instagram, Twitter, Whatsapp. Estas prácticas con códigos propios lévaos a utilizar, tanto nas aulas como nos exames, unha linguaxe moi sintética cun vocabulario pobre e con faltas de ortografía e abreviaturas.
- Tamén constatamos que cando se trata de redactar textos extensos, o alumnado acostuma escribir sen borrador previo.

Preséntanse a continuación algúns dos resultados da enquisa sobre hábitos de lectura realizada polo alumnado da ESO e do Bacharelato no primeiro trimestre do curso 2018-19. Os números que aparecen nas táboas refírense a porcentaxes.

#### GÚSTACHE LER?

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
<b>Nada</b>	25	8.33	11.76	19.23	14.28	8.33
<b>Algo</b>	25	41.66	41.17	34.61	42.85	45.83
<b>Bastante</b>	45	25	23.52	11.53	28.57	20.83
<b>Moito</b>	5	12.5	17.64	23.07	3.57	16.66
<b>Moitísimo</b>	0	12.5	5.88	11.53	10.71	8.33

#### SE ESTÁS A LER UN LIBRO NESTE MOMENTO, DE ONDE PROCEDE ?

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
<b>Biblioteca escolar</b>	18.18	15.38	16.66	7.14	19.35	10.71
<b>Biblioteca pública</b>	0	0	0	3.57	12.9	14.28
<b>Biblioteca familiar</b>	4.54	0	11.11	7.14	3.22	7.14
<b>Amigos/as</b>	4.54	11.53	5.55	3.57	9.67	3.57
<b>Propio</b>	59.09	57.69	66.66	75	51.61	46.42
<b>Non estou lendo</b>	13.63	15.38	0	3.57	3.22	17.85

#### QUE CHE INFLÚE NA ELECCIÓN DUN LIBRO ? RECOMENDACIÓN DE:

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
<b>Amigos/as</b>	34.48	34.37	40.9	51.72	40.47	28.94
<b>Profesores/as</b>	6.89	21.87	13.63	20.68	33.33	34.21
<b>Familia</b>	31.03	18.75	13.63	13.79	14.28	21.05
<b>Publicidade</b>	24.13	21.87	22.72	13.79	7.14	15.78
<b>Ningún</b>	3.44	3.12	9.09	0	4.76	0

#### CANTOS LIBROS LES AO MES ?

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
<b>Ningún</b>	15	16.66	11.76	32	25	25
<b>1 a 2</b>	65	70.83	76.47	60	53.57	62.5
<b>3 a 5</b>	20	12.5	5.88	8	21.42	12.5
<b>Máis de 5</b>	0	0	5.88	0	0	0

### QUE CHE GUSTA LER?

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
Poesía	15	4.16	17.64	7.69	10.71	0
Contos	15	20.83	5.88	23.07	17.85	25
Novelas	40	25	52.94	19.23	32.14	41.66
Cómics	10	20.83	0	34.61	7.14	16.66
Teatro	0	0	0	3.84	0	0
Libros de coñecemento	0	0	0	3.84	3.57	8.33
Revistas	5	0	0	0	0	0
Xornais	0	0	5.88	0	10.71	0
Literatura multimedia	0	8.33	11.76	7.69	3.57	0
Outros	15	20.83	5.88	0	14.28	8.33

### IDIOMA NO QUE CHE GUSTA LER

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
Galego	30	33.33	35.29	38.46	21.4	29.16
Castelán	70	66.66	58.82	61.53	78.6	66.66
Inglés	0	0	5.88	0	0	4.16

## 1.2. Identificación de logros e dificultades

A maioría das dificultades parecen proceder dun escaso interese pola lectura que é, á vez, froito da pouca comprensión do que están a ler.

- Pouca comprensión dos textos, xa sexan literarios ou non, polo que ao alumnado lle resulta complicado plasmar as ideas principais nun esquema ou facer resumos do lido.
- Mala entoación na lectura en voz alta por falta de hábito lector. Tamén se aprecia a tendencia ao silabeo e a non realización de pausas que marcan os signos de puntuación nalgúns casos.
- En exames, cuestións ou indicacións escritas, o alumnado tende a facer unha lectura superficial, especialmente se os enunciados son extensos, dando por suposto o que se lle pide, moitas veces de forma errónea. Tamén existe a tendencia a ler só a primeira parte dos enunciados das preguntas o que trae consigo o erro nas respostas que son automáticas e sen unha reflexión previa.
- Dificultade para seguir unhas pautas sinxelas escritas no momento de elaborar calquera traballo.
- Cústalles seleccionar as ideas máis importantes dun texto e realizar resumos coherentes. Tamén a redacción é unha tarefa pendente.
- O alumnado ten pouca pericia en atopar información académica en Internet. Limitase aos primeiros resultados que ofrece Google, sen pararse a analizar a procedencia e o rigor da información.
- Cando teñen que elaborar un traballo en formato dixital, non len os documentos que obteñen e en lugar de redactar os seus propios textos, a miúdo, copian e pegan.
- Pobreza de vocabulario na expresión oral e escrita.
- É habitual encontrar nos seus escritos interferencias entre as dúas linguas oficiais: se escriben en castelán, aparecen erros ortográficos ligados ao galego e se redactan en galego abusan dos castelanismos.
- Acostuman presentar os traballos de investigación sen guión previo, nun formato arbitrario e sen citar a procedencia.
- En canto á redacción:

- Non coidan os aspectos formais
- Sintetizan en exceso (nas respostas, nos exames, nos exercicios...)
- Presentan multitude de faltas de ortografía
- Non seguen un esquema previo, nin organizan as súas ideas.

Entre os aspectos positivos, atopamos a participación dalgúns alumnos na actividade “O libro do mes” e no Club de lectura, actividades organizadas desde a Biblioteca Escolar. Tamén cómpre salientar o traballo de certos alumnos en actividades organizadas desde a Vicedirección, desde certos departamentos e desde EDLG.

### 1.3. Análise das metodoloxías empregadas

Aínda que unha gran parte do profesorado foi incorporando na súa práctica pedagóxica medios dixitais, a maioría segue perpetuando un sistema tradicional ligado ao libro de texto. Entre as metodoloxías empregadas atopamos:

- Lectura do libro de texto en voz alta.
- Ditados do profesor/a.
- Lectura silenciosa e comprensiva dos textos que aparecen no libro.
- Preguntas sobre comprensión de contidos, escritas e orais.
- Realización de esquemas, resumos, redaccións.
- Escrituras de blogs.
- Traballos de investigación, xeralmente na rede, nas distintas materias.
- Uso de presentacións en programas tipo powerpoint, vídeos nas clases.
- Libros de lectura obrigatoria e exames de comprensión de cada un destes por trimestre, nas materias de Lingua e Literatura Galega e Castelá.
- Lectura de capítulos de libros con contidos relacionados coa materia e artigos de prensa ocasionais.
- Xogos con dicionarios.
- Formación de usuarios e traballos de educación documental desde a biblioteca.

### 1.4. Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.

O IES Espiñeira conta cunha biblioteca cunha superficie de 58,5 m<sup>2</sup>, situada no segunda andar. Ten accesibilidade para persoas discapacitadas.

As tres paredes que non teñen ventás están ocupadas na súa totalidade por andeis que non dispoñen de ningún espazo libre para máis volumes e documentación.

Temos habilitadas tres zonas:

- **Zona de préstamo e xestión:** dotada de ordenador conectado a internet e a intranet do centro desde onde se realiza todo o proceso de xestión e catalogación.
- **Zona de consulta:** unha mesa de equipamento estándar de bibliotecas da Consellería con catro ordenadores destinados á procura de información.
- **Zona de lectura:**
  - Zona de lectura formal: cinco mesas de equipamento estándar de bibliotecas da Consellería.

- Zona de lectura informal: dispoñemos dunha zona de lectura separada do resto por unha estantería central na que se colocaron varios sofás e revisteiros.

O espazo dispoñible na nosa biblioteca é claramente insuficiente, polo que o seu uso debe estar programado e organizado e deben habilitarse outras zonas como aulas de lectura.

Estase valorando a posibilidade de trasladar a Biblioteca a unha aula máis grande do primeiro andar.

A biblioteca do noso centro está subscrita a varias publicacións que se poden ler na zona de lectura informal: revistas de historia, curiosidades, actualidade...

No blog da biblioteca publícanse as actividades de fomento da lectura levadas a cabo polo equipo de biblioteca.

No curso 2016-2017, a Coordinadora solicitou que a nosa Biblioteca se incorporase á rede do programa de xestión MEIGA. Os membros do equipo de biblioteca participaron a través do Plan de Formación do centro nun grupo de traballo para levar a cabo a formación necesaria e dita incorporación. Ao longo dese curso escolar, catalogáronse 3241 recursos. Os membros do equipo de biblioteca continuaron coa catalogación no curso 2017-2018 cuns 1000 recursos máis. Este labor vai seguir sendo prioritario, xa que a nosa biblioteca conta con máis de 8000 recursos.

Os fondos están ben conservados e a medida que se está a catalogar co Meiga estase realizando unha expurgación dos mesmos.

A xestión e o préstamo lévanse a cabo, como se comentou anteriormente, a través do programa MEIGA. O préstamo de recursos realízanse case exclusivamente durante os recreos.

Desde hai varios cursos constituíuse un equipo de biblioteca formado por un grupo de profesores e unha coordinadora. Nestes últimos anos trátase dun equipo moi pequeno formado por dúas ou tres persoas.

A biblioteca está aberta e atendida só cando hai profesores encargados nela. Nos últimos cursos debido ao aumento de horario lectivo do profesorado, as horas de apertura da biblioteca reducíronse drasticamente e non se consegue ningunha hora de reunión semanal para organizar e coordinar as tarefas e actividades a realizar.

Existe un programa de dinamización da lectura e a biblioteca é a principal aula de lectura do instituto, empregándose tamén como espazo de aprendizaxe polo profesorado.

A biblioteca tamén colabora na divulgación das actividades culturais que se realizan en Boiro e presta a súa colaboración ás actividades realizadas no Centro.

Os membros do equipo de biblioteca contan coa colaboración de profesores de distintas materias como lingua e literatura galega, matemáticas ou orientación.

Ademais da biblioteca escolar, o centro ten outros recursos para acceder á información:

- Tres aulas de informática.
- A maioría das aulas contan con encerado dixital.
- Unha aula de apoio con material específico.

### **1.5. Necesidade de formación do profesorado neste ámbito.**

Aínda que no Proxecto Lector se formulan medidas de reforzo para a comprensión lectora e o desenvolvemento da competencia informacional, unha gran parte do profesorado do centro necesitaría formarse para utilizar estratexias co seu alumnado, especialmente aqueles que non

imparten materias do ámbito lingüístico. Constatamos que cada vez se utilizan nas aulas máis medios dixitais, pero unha parte do profesorado descoñece a tipoloxía dos mesmos e como deseñar actividades con ferramentas informáticas.

## **2. Obxectivos, fundamentos e organización:**

### 2.1 . Obxectivos:

1. Desenvolver a competencia lectora.
2. Favorecer a competencia literaria.
3. Educar no uso crítico da información (Competencia informacional).
4. Fomentar o hábito da lectura.
5. Apoiar a adquisición das competencias clave.
6. Favorecer a incorporación das novas tecnoloxías na aula a educar no seu uso.

### 2.2. Metodoloxía:

A partir dos obxectivos propostos coa elaboración deste Proxecto Lector, propoñemos unha metodoloxía para acadalos:

#### 2.2.1. Para desenvolver a competencia lectora e escritora:

- incidir na lectura previa da totalidade das preguntas do exame para resolver as dúbidas de comprensión. Lecturas en voz alta nas clases, especialmente con aqueles alumnos que máis dificultades teñen.
- facer fincapé en que as preguntas dos exames estean o máis e o mellor redactadas posible e se así se demanda, xustificadas.
- corrixir aos alumnos o uso de determinadas expresións de carácter coloquial nas súas repostas, redaccións, traballos...
- intentar utilizar outros materias distintos ao libro de texto tradicional, empregando textos de distintos tipos (formularios, noticias, instrucións de montaxe, textos extraídos da literatura, gráficos, mapas, receitas de cociña, partituras...).
- incorporar as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe, utilizando nas clases páxinas web de interese, blogs, wikies, o encerado dixital, obradoiros virtuais, etc.
- intentar combinar as clases tradicionais con actividades máis lúdicas como “pasapalabras,” declamación de textos, xogos con dicionarios... onde a linguaxe sexa a ferramenta básica.
- fomentar o uso dunha caligrafía coidada e unhas pautas de presentación tendo en conta cuestións coma a orde e a limpeza.
- ensinanza de estratexias en todas as áreas como:
  - dedución de termos descoñecidos a partir do sentido xeral do texto.



- selección de ideas principais. Formular a idea principal tras a lectura dun texto ou resolución de problemas.
- realización de esquemas.
- elaboración de glosarios de termos propios de cada materia ao final da libreta.
- incidir na necesidade da creación dun borrador ou esquemas previos coas ideas que se van desenvolver posteriormente na redacción.

#### 2.2.2. Para fomentar o hábito da lectura:

É necesario ter en conta as enquisas feitas no primeiro trimestre do curso 2018-19 e o que os profesores percibimos sobre o hábito de lectura do alumnado. No primeiro ciclo da ESO os alumnos len bastante e a medida que medran perden ese hábito. No segundo ciclo da ESO e no Bacharelato as lecturas da maior parte do alumnado consisten exclusivamente nos libros de lectura obrigatoria das distintas materias.

Desde a biblioteca, deseñáronse varias actividades para o fomento da lectura:

#### **CLUB DE LECTURA**

Sendo a biblioteca o principal motor que impulsa o desenvolvemento de hábitos lectores, o **club de lectura** é unha das súas actividades principais neste eido. Creado no curso 2015-2016, está integrado por parte dos alumnos e alumnas de 1º de ESO e de 2º de ESO. É un alumnado que participa de forma voluntaria nas reunións, que nos achega as súas inquedanzas, que comparte cos demais a súa valoración das obras, que aconsella outras que lle gustaron particularmente, aportando argumentacións ao respecto. Prodúcese intercambios de ideas sobre temas a tratar, procúrase variar os xéneros e documentos tratados tendo en conta os intereses do alumnado participante. Deste xeito, os membros do club de lectura leron, analizaron e aportaron ideas sobre banda deseñada, microrrelatos, contos e relatos curtos, novelas, artigos de prensa, poesía...

Esta actividade desenvólvese ao longo de todo o curso e nela participan con valiosas ideas e aportacións, ademais da biblioteca, os departamentos de Lingua Galega e de Matemáticas coas profesoras Margarita Picón e Beatriz Hernández respectivamente.

#### **O LIBRO DO MES**

Esta actividade de fomento da lectura desenvólvese ao longo do curso. Elíxese un libro correspondente a cada unha das franxas de idade (12-14 anos e 14 anos en adiante). Elabóranse carteis cunha pequena recensión que redacta un membro do equipo de biblioteca e repártense polo Centro e cólganse no blog da biblioteca. Escóllense dous libros en galego ou en castelán dependendo do mes (procúranse alternar). O equipo da biblioteca prepara unhas preguntas que o lector deberá responder e posteriormente depositar nunha caixa de correos. Estas respostas entran nun sorteo e o alumno elixido gaña un vale a trocar nunha librería de Boiro ou na cafetería do noso centro escolar.

A biblioteca escolar, publica cada dous meses **BOLETÍNS DE NOVIDADES** para informar á comunidade escolar sobre as novas adquisicións de fondos da biblioteca ao longo de todo o curso.

Renovación periódica ao longo de todo o curso dos contidos da **MESA EXPOSITORA** e dos **TABOLEIROS DA BIBLIOTECA** para dar a coñecer a diversidade de materiais existentes na mesma e as actividades que se realizan.

Encontros con narradores ou poetas, en **COLABORACIÓN** cos departamentos de linguas e o EDLG.

Con motivo da Semana das **LETRAS GALEGAS**, realízase, cada ano, unha exposición sobre o persoeiro ao que se lle dedica o Día da Letras Galegas, a súa obra e a súa época.

O profesorado tamén pode incentivar o gusto pola lectura do alumnado:

- a través de recomendacións de libros, comentarios persoais, difusión das actividades da biblioteca, etc...
- ofertando itinerarios lectores atractivos. Estes libros pódense presentar nas clases dunha maneira informal, dar a posibilidade de lectura para subir nota nas diferentes materias, usar algún texto ou capítulo nun momento determinado, etc... (*son seleccións de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade en función de obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro*)
- apoiar a aqueles alumnos e alumnas que participen no Club de Lectura ou participar nel, como coordinador ou lectores.
- Formular proxectos de lectura conxunta nas reunións de principios de curso.

2.2.3. Para favorecer a competencia informacional e a integración das TIC.

- desde a biblioteca, a principios de curso realizarase a formación de usuarios entre o alumnado da ESO e da Formación Profesional Básica ( como están ordenados os recursos na biblioteca e a CDU, distintos tipos de recursos que se atopan nela, sistema de préstamo, uso dos equipos informáticos, etc...)
- ao longo do curso, tratarase de formar o alumnado nos diferentes recursos dixitais e desde a biblioteca, no uso do seu propio catálogo.
- tratarase de formar os usuarios para coñecer outras utilidades dos buscadores (imaxes, vídeos, tradutores), as distintas tipoloxías das páxinas web, as ferramentas 2.0. ( blogs, wikies) e os seus protocolos, os dicionarios e enciclopedias online, etc...
- nas aulas, favorecer o uso de diferentes soportes e se fose necesario, explicar as súas características (glosario, índices, abreviaturas, ...)

2.3. Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

Ambientes lectores: trátase de crear no centro un clima que favoreza o achegamento aos libros e a lectura, onde se poña en valor esta actividade:

- Facer visible a biblioteca escolar e outros recursos
- Facilitar a presenza da lectura e dos libros na práctica cotiá
- Programar actividades para toda a comunidade escolar
- O profesor como mediador e como modelo lector

Organización de espazos e tempos:

A biblioteca estará aberta durante o maior tempo posible ao longo da xornada lectiva.

Cando falte algún profesor é posible levar os grupos que así llo demanden, sempre que a biblioteca non estea ocupada con algunha actividade, e baixo a supervisión do profesorado de garda. Este permanecerá co grupo o tempo correspondente, independentemente de que haxa ou non un profesor

do equipo da biblioteca. Tamén é a súa responsabilidade garantir un ambiente de silencio na mesma e o cumprimento das normas.

Principais tempos e ambientes lectores que se desenvolven no centro:

- O **club de lectura** que se desenvolve na biblioteca, con reunións periódicas e ao longo de todo o curso.
- A actividade **o libro do mes** que se publicita en todos os taboleiros das aulas e da biblioteca e que se desenvolve ao longo de todo o curso.
- A renovación periódica ao longo de todo o curso dos contidos da **mesa expositora** situada no vestíbulo da entrada do noso centro. Dáse a coñecer a diversidade de materiais existentes na biblioteca e as actividades que se realizan desde a biblioteca así como as producións do alumnado de distintos cursos en varias materias.
- **Encontros con narradores ou poetas**, en distintos momentos do curso nas aulas ou no salón de actos.
- Con motivo da Semana das **LETRAS GALEGAS**, realízase, cada ano, unha exposición sobre o persoeiro ao que se lle dedica o Día da Letras Galegas, a súa obra e a súa época.
- Algunhas efemérides relacionadas coa lectura ou outras datas importantes: Día do Libro, Día da biblioteca escolar, Día da muller, Día da paz, Día contra a violencia de Xénero... que se realizan en diversos lugares do centro e con distintos grupos.
- Diversos concursos organizados desde os departamentos ou a biblioteca que se publicitan nas aulas e nos taboleiros.

2.4. A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. Recursos culturais do contorno.

A biblioteca escolar cumpre a función de achegar a toda a poboación escolar uns recursos culturais e para a aprendizaxe que a situación socioeconómica das familias, ou a dispersión da poboación do rural, ás veces non facilitan. Deste xeito, a biblioteca escolar cumpre unha función de compensación das desigualdades.

A biblioteca é un recurso de compensación social xa que pon á disposición do alumnado e as familias todo tipo de fondos. Ofrece tamén a posibilidade de consultar o catálogo de recursos a través de 4 postos informáticos por medio da OPAC Meiga e as actividades e novas de intereses, consultando a páxina web do noso centro escolar.

O alumnado pode ter acceso no contorno a varias bibliotecas públicas e centros culturais que lle ofrecen distintos servizos. Na Casa da Cultura *Ramón Martínez López* teñen á súa disposición unha biblioteca pública municipal e Internet de uso público e gratuíto, no Centro Social de Boiro: unha biblioteca pública municipal e Internet de uso público e gratuíto, no Centro Social de Escarabote: unha biblioteca pública municipal. Procuramos manter unha certa relación con esas entidades divulgando as súas propostas de actividades.

## 2.5. Coordinación do proxecto. Modo de organización.

No primeiro e segundo trimestre do curso 2018-2019 a coordinadora do Equipo de Biblioteca, coa supervisión do director do IES Espiñeira redacta un borrador do Proxecto Lector de Centro. Esta primeira redacción preséntase nunha reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica ao final do segundo trimestre para que sexa estudada e revisada polos Xefes de Departamento, e para que os distintos membros dos departamentos poidan aportar propostas ou rexeitar algunhas das presentadas. Na seguinte CCP apróbase por unanimidade o borrador de proxecto lector, que se remite a claustro para que o informe. Posteriormente preséntase ao Consello Escolar.

## 2.6. Modo de difusión e apoios necesarios

Como xa se comentou no punto anterior, entre o profesorado e os membros do Consello Escolar a difusión do PLC levouse a cabo a través das reunións deses órganos para a aprobación posterior de dito documento.

En canto á difusión entre o alumnado e os apoios necesarios remitímonos ao artigo 4 do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*:

### *Artigo 4. Elementos transversais*

*1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.*

Deste xeito, cómpre que todos os profesores apoiem e entendan a relevancia do PLC, se impliquen no seu desenvolvemento para acadar un tratamento integral das competencias clave traballadas co alumnado.

Ao longo de cada curso, nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, farase un seguimento do Plan Anual de Lectura e ao final do curso faranse as recomendacións pertinentes para o PAL do curso seguinte.

Os puntos máis importantes do Proxecto Lector de Centro e o Plan Anual de Lectura lembraránse no claustro de principio de curso e a totalidade do mesmo estará a disposición de toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro.

## **3. Intervencións que cómpre sistematizar.**

### 3.1. Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.

Para a comprensión dos textos escritos cómpre ter en conta:

- O coñecemento previo, os esquemas de coñecemento que construímos e que nos permite comprender unha situación, un programa de radio, unha noticia ou un texto lido.
- Os obxectivos ou intencións de lectura, dos que vai depender a capacidade de resposta diante das dificultades de comprensión. O control da comprensión é un requisito esencial para a lectura eficaz.

- A actividade ten que ter sentido. A lectura dun texto terá sentido para o lector se o seu contido conecta cos seus intereses e se a tarefa responde a unha finalidade.

Estratexias de comprensión lectora:

- Lectura consciente, previa á realización de calquera actividade.
- Axuda do contexto para chegar a resolver ás dúbidas de vocabulario.
- Elaboración de resumos e esquemas de xeito que aprendan a discernir as ideas principais das secundarias.
- Realización de borradores, bosquejos, guións, etc..., antes de elaborar un traballo.
- Realización de glosarios que os axuden a ampliar o vocabulario.

3.2. Fomento dos hábitos de lectura en todas as áreas.

- a principios de curso, farase unha reunión na que os departamentos chegarán a un acordo sobre os libros de lectura que esixirán en cada nivel, procurando que non sexan demasiados e intentando que sexan susceptibles de ser traballados en varias áreas.
- proporase e valorarase a lectura voluntaria dunha listaxe de libros que figurarán nas programacións de todas as áreas. Para avaliar esta lectura, o alumno poderá facer unha curta exposición oral do libro lido ante os seus compañeiros.
- o profesorado recomendará libros, películas, webs, revistas, etc...relacionados coa materia que estea a impartir nese momento.
- propiciaranse ambientes lectores no centro: clubs de lectura, lecturas compartidas e intercambio de libros entre profesores e alumnos.
- incidirase na práctica da lectura en voz alta nas clases co fin de mellorar a fluidez, entoación e dicción.
- as celebracións de datas e as actividades relacionadas coa lectura serán asumidas por todo o claustro (Día da Paz, Día contra a violencia de Xénero, Día das Letras Galegas, Día do libro...)
- o equipo de biblioteca cooperará cos departamentos no que se refire a peticións de libros, difusión de actividades, información sobre as novas adquisicións e sobre o funcionamento da biblioteca e do seu blog.
- nas aulas abordarase a lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- tratarase de transmitir a idea da lectura por pracer.

3.3. Actividades de educación documental (educación en información) e integración das TIC.

A educación documental engloba todas as actividades que buscan a capacitación do alumnado para un uso crítico das diversas fontes informativas: a formación de usuarios da biblioteca, que son as fontes informativas en distintos soportes e como usalas, Internet, etc...

Valoraranse en todas as probas escritas de todas as materias aspectos como a ortografía, a redacción, o léxico, o uso de vocabulario específico e a presentación. Todos os departamentos farán

constar nas súas programacións e comunicarán ao seu alumnado en que medida estes aspectos incidirán nas súas cualificacións.

A Incorporación das TIC nas aulas xa é unha realidade.

### 3.4. Implicación das familias e do contorno.

Realizarase unha enquisa para coñecer os hábitos de lectura das familias do alumnado de nova incorporación antes da revisión do PLC.

Na reunión inicial que se celebra cos pais dos alumnos, informaráselles da existencia da biblioteca escolar e dos recursos do contorno.

Procurarase a cooperación cos centros sociais de Boiro e Escarabote e coa Casa de Cultura *Ramón Martínez López*.

## 4. Criterios e procedementos de avaliación.

Haberá unha serie de indicadores para comprobar se o PLC se está a desenvolver correctamente:

- En canto ao alumnado: utilizan as ferramentas dixitais con maior soltura, acadan unha maior autosuficiencia na procura da información, coñecen como está organizada a biblioteca e os recursos cos que conta, len máis e mellor, participan activa e voluntariamente nas propostas relacionadas coa lectura, coidan os aspectos formais nas súas redaccións...
- En canto ao profesorado: utilizan o espazo da biblioteca para impartir clases e empregan os fondos desta tanto para uso persoal como para preparar a súa materia, participan activamente na elaboración e no desenvolvemento de propostas de fomento da lectura, incorporan os medios audiovisuais do centro na súa práctica diaria.
- Valoración por medio de enquisas das actividades do Proxecto Lector.
- Estatísticas de préstamo por grupo durante o ano.
- Estatísticas do programa de xestión de biblioteca Meiga do préstamo anual.
- O índice de participación no club de lectura ou outros ambientes lectores de toda a comunidade educativa.